Polo que respecta ao alumnado, a maioría está encadrado en familias de estrutura clásica, pero cada vez danse máis casos de familias desestruturadas. Predominantemente cun nivel económico medio-baixo.

Contamos no centro cunha variedade de situacións familiares; a incorporación, cada vez maior de alumnos-as extranxeiros e alumnado con necesidades educativas especiais, fai que non se poida enfocar dita labor de

	<p>forma lineal ou cun único punto de vista xa que as súas motivacións e intereses son diferentes.</p> <p>Obsérvase igualmente que aínda que hai alumnos e alumnas que realizan actividade física fóra do horario escolar, hai outra representación importante de alumnado que a súa única actividade física é a que realizan nas sesións de EF no centro escolar.</p>		
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Conseguir a creación de hábitos saudables a través duns coñecementos básicos sobre a influencia da alimentación e o exercicio físico na saúde. - Reducir o sedentarismo promocionando o ocio activo a través do xogo e o deporte. - Favorecer a comunicación e a relación entre o alumnado, cooperar, comprometerse e afrontar os conflitos. - Espertar no alumnado un espírito investigador e o posterior desenvolvemento dun plan de mellora da súa alimentación. - Divulgar as ofertas deportivas que ofrece a nosa vila (concello, actividades extraescolares do colexio, clubs...) - Valorar a nosa cultura alimenticia tradicional como fonte de saúde e benestar. - Potenciar a conciencia sobre as vantaxes do exercicio físico na vida saudable. - Promover o gusto por realizar exercicios físicos como actividades de xogo e ocio. - Evitar o consumo excesivo de azucres e alimentos procesados. - Promover experiencias nas que se proben distintos tipos de alimentos. 		
Cursos implicados	Neste plan estarán implicados todos os cursos de infantil e primaria.		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	<ul style="list-style-type: none"> -Descansos activos mediante exercicios físicos nas aulas. -Práctica de diferentes modalidades deportivas e recreativas a través de recreos activos. -Sentido crítico ante a publicidade nos medios de comunicación sobre a alimentación. -Adquisición de coñecementos que permiten ao alumnado analizar as vantaxas que conleva unha alimentación saudable. 		

	<ul style="list-style-type: none"> -Emprega os valores do deporte como medio para fomentar o traballo cooperativo. -Aprende a buscar, analizar e interpretar a información. -Facilidade na comunicación entre o centro escolar e as diferentes entidades deportivas. -Coñecemento de usos, tradicións, costumes e elaboracións dos alimentos. -Coñecemento do concepto “Somos o que comemos”. -Concienciación dos beneficios inmediatos que achegan os hábitos saudables: mellora do peso corporal, fortalecemento de ósos e músculos, vivir máis e mellor. -Incorporación de programas e actividades físicas e deportivas dentro do centro educativo con carácter inclusivo e integrador. -Concienciación dos problemas de saúde que provoca o consumo excesivo de azucres e alimentos procesados: diabetes, enfermidades cardíacas... -Utilización do “frutómetro” para motivar ao alumnado no consumo de froitas nas merendas do recreo. -Desenvolvemento de obradoiros de nutrición.
Responsables	Coordinadora do Plan de actividades físicas e hábitos saudables: Mónica Collazo Lorenzo (mestra de E. Física)
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> -Participación en Contratos Programa Innova na liña Edu-saúde. -Promoción de recreos activos con espazos adaptados aos intereses de todo o alumnado. -Participación en Xogade: campo a través, piragüismo, vela, surf, baloncesto, atletismo... -Actividade do frutómetro para fomentar as merendas saudables. -Participación en andainas pola contorna e coa participación das familias. -Xornadas de formación para o alumnado: obradoiros de nutrición. -Sesións de Primeiros Auxilios. -Introdución de actividades de movemento nas aulas: “descansos activos”. -Organización de torneos deportivos no tempo de recreo. -Obradoiros de nutrición. -Charlas sobre determinados hábitos: hixiene postural e persoal, descanso...

15. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

15.1. RESULTADOS DA ENQUISA SOBRE A LINGUA PREDOMINANTE EN EDUCACIÓN INFANTIL

Os resultados obtidos na enquisa relativa á lingua predominante no alumnado de Educación Infantil de 3 anos son os seguintes:

Grupo A: 4 alumnos/as; 2 galegofalantes e 4 castelanfalantes

Grupo B: 5 alumnos/as; 5 galegofalantes

Grupo C: 6 alumnos/as; 5 galegofalantes e 1 castelanfalante

Grupo D: 6 alumnos/as, 3 galegofalantes e 3 castelanfalantes

15.2. CONSTITUCIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA

Nome Coordinadora Agustina Caramés Hermo	Horas redución Unha	Nivel/Especialidade Lingua francesa
		Selecione
Nome equipo apoio/dinamización		Nivel/Especialidade
Nuria Castelo Pérez		Titor/a EP
Vanesa Caamaño Agrafojo		Titor/a EP
Mireia Gregori Arias		LE: Inglés
Natalia Maroñas Núñez		AL
Nerea López Sa		Titora E.I.

15.3. VALORACIÓN DOS PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA REALIZADOS NO CURSO ANTERIOR E PROPOSTAS DE MELLORA PARA O CURSO SEGUINTE

A totalidade da Comunidade Educativa implicouse no desenvolvemento das actividades propostas. A maior parte delas realizáronse tal e como estaban planificadas, aínda que, ás veces, houbo que axustar ou adaptar estas (caso da visita á residencia de maiores, á que tivemos que acudir con máscara, respectando a normativa vixente)

Tamén, procuramos adaptarnos sempre ás posibilidades coas que contabamos e puidemos desempeñar sen dificultade a maioría das actuacións programadas.

Como equipo fixemos balance das actividades implementadas durante o curso e do funcionamento do grupo.

A coordinadora considera que non cumpriu co seu cometido axeitamente xa que non foi quen de dinamizar o grupo de traballo como debería, de maneira que os seus membros se implicasen máis activamente no desenvolvemento das tarefas, e de promover un maior feedback entre todos.

Como equipo, parécenos que a proposta de actividades foi axeitada, xa que se tiveron en conta as suxeridas dende outros grupos de traballo.

Así e todo, cómpre atopar un equilibrio en canto á tipoloxía de actividades: deportivas, conmemoracións, lúdicas... e vemos adecuado dar continuidade á liña que se estableceu no centro distribuindo as actividades entre os ciclos e etapas, é dicir, non participar todos en todo. Ademais, malia importancia dos xestos concretos nas celebracións de obrigado cumprimento, habería que incidir, sobre todo, no traballo previo ás mesmas e tratar as distintas temáticas dun xeito máis transversal, ben planificado e estruturado, e ao longo de todo o curso.

Por outra banda, salienta tamén que atopamos unha especial dificultade en estimular ao alumnado para que empregue o galego na aula, sobre todo, de maneira espontánea; o discurso, tanto oral coma escrito, está bastante deturpado pola influencia do castelán.

Coa actividade “Dicho A Barquiña” pretendíase, por unha banda, adquirir unha maior corrección no uso da lingua (sobre todo a nivel oral) e por outra poñer en valor o noso idioma.

O grao de desenvolvemento da actividade nos distintos niveis e etapas foi moi variado e, aínda que a fórmula suxerida se axustaba máis aos cursos superiores, traballouse o tema e elaboráronse tanto recursos dixitais (vídeos) como en soporte papel (carteis).

Por outra banda, hai unha demanda entre o profesorado de actualización/formación en materia lingüística, non só no referente a cuestións relacionadas directamente coa lingua, senón tamén a aspectos pedagóxicos de aplicación práctica na aula, que nos doten de estratexias e ferramentas para empregar co alumnado co fin de mellorar a destreza oral e, especialmente, a escrita; en canto ao tratamento e creación de distintos tipos de textos: expositivos, argumentativos, narrativos, dramáticos, publicitarios, xornalísticos, líricos. Todo isto lévanos a solicitar a participación nun CPIInnova na modalidade: O centro docente como contorno innovador de aprendizaxe a través da mellora permanente.

15.4. ACTIVIDADES QUE SE VAN DESENVOLVER AO LONGO DO CURSO PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Obxectivo: FOMENTAR O USO DO GALEGO			
Acción 1	Revista escolar, blogs e emprego de aplicacións informáticas		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Participación activa de todas as aulas		
Responsables	Todo o profesorado		
Recursos e materiais	Activación dos blogs e dixitalización da revista		
Acción 2	Letras Galegas		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Realización de actividades		
Responsables	Todo o profesorado		
Recursos e materiais	Murais, libros, unidades didácticas, biblioteca, páxinas web, cancións....		
Acción 3	Programa escolar de prestixio e potenciación do uso correcto do galego		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Realización dos programas		
Responsables	Mestres/as titores/as		
Recursos e materiais	Manuais de consulta (dicionarios, gramática, normas ortográficas...), recursos dixitais, gravacións de audio, vídeo...		

Obxectivo: DINAMIZAR A NOSA LINGUA E ESTIMULAR A PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO EN CANTAS ACTIVIDADES SE PROGRAMEN POR PARTE DO EDLG			
Acción 1	Letras Galegas		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>

Indicador	Participación de todo o centro		
Responsables	Todo o profesorado		
Recursos e materiais	Murais, libros, unidades didácticas, biblioteca, páxinas web, cancións....		
Acción 2	Calendario		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Implicar a todas as aulas		
Responsables	Equipo de Extraescolares, Biblioteca e Dinamización		
Recursos e materiais	Fotografías e impresión de exemplares		

Obxectivo: CONTRIBUIR Á NORMALIZACIÓN CULTURAL DAS DIFERENTES ÁREAS DO CURRÍCULO DE EI, EP IMPARTIDAS NO CENTRO			
Acción 1	Conto viaxeiro		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Participación de todo o centro		
Responsables	Biblioteca e EDLG		
Recursos e materiais	Material funxible, distintas técnicas plásticas		
Acción 2	Revista escolar/Publicación relacionada co P.D.I.: Os xogos e os videoxogos clásicos.		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Participación de todas as aulas		
Responsables	Equipo de Extraescolares, Biblioteca e EDLG		
Recursos e materiais	Dixitalización da revista/publicación		

Obxectivo: POTENCIAR A CONSERVACIÓN DO NOSO PATRIMONIO CULTURAL		
Acción 1	Entroido	
	Temporalización	
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Participación de todas as aulas	
Responsables	Todo o centro e as familias	
Recursos e materiais	Disfraces e comidas típicas	

15.5. MODIFICACIÓN NA IMPARTICIÓN DE MATERIAS EN LINGUA(S) ESTRANXEIRA(S), INFORMACIÓN SOBRE OS CAMBIOS APROBADOS POLO CENTRO E AUTORIZADOS POLA CONSELLERÍA COMPETENTE EN MATERIA DE EDUCACIÓN

No curso 2022/2023, foi aprobada a modificación da área nos curso de 5º/6º de Ed. Primaria, onde se imparte inglés coma segundo idioma , ao ser un centro plurilingüe, quedando da seguinte maneira:

Ed. Infantil- Psicomotricidade en Inglés

Ed. Primaria (1º/2º/3º/4º)- E.F. en inglés

Ed. Primaria (5º/6ª) -Ed. Artística en inglés

16. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. CONCRECIÓN ANUAL

O Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro recolle as liñas xerais que enmarcan a atención á diversidade e as actuacións a desenvolver para a adecuación da resposta educativa á totalidade do alumnado do centro.

16.1. CONSTITUCIÓN DO DO

Nome Xefe/a	
Silvia Pérez Sampedro	
Nome membros	Nivel/Especialidade
Santiago García Nieto	Xefe de estudos
Natalia Maroñas Núñez	AL
Eva Cordal Lagares	AL
Uxía Casais Piñeiro	PT

Susana Rodríguez San Emeterio	PT
Yalila Alexandra Soletto Blanco	Coordinadora ciclo Ed. Infantil
Nuria Castelo Pérez	Coordinadora 1º ciclo Ed. Primaria
Maria Vanesa Caamaño Agrafojo	Coordinadora 2º ciclo Ed. Primaria
María Peregrina Ons Miranda	Coordinadora 3º ciclo Ed. Primaria

16.2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA E VALORACIÓN DAS NECESIDADES CON RELACIÓN AO TIPO DE ALUMNADO E Á OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO.

O concepto de orientación entendido como “un proceso de axuda continua a todas as persoas, en todos os seus aspectos, cunha finalidade de prevención e desenvolvemento, mediante programas de intervención educativa e social” (Bisquerra, 1996) debe desenvolverse tendo en conta o contexto sociocultural ao que pertence o alumnado. Tamén se terán presentes os aspectos recollidos na memoria final do curso pasado (2022-23) e nas actas das sesións de avaliación pois achegáronnos información de interese sobre a realidade. Tras dita análise, as necesidades específicas de apoio educativo son as seguintes:

ACNEAE	CURSO								
	4ºEI	5ºEI	6ºEI	1ºEP	2ºEP	3ºEP	4ºEP	5ºEP	6ºEP
DV									
DA									
DI				1					
DF				1		2	1		
TGC									1
TEA	1			1		2	1	1	1
ACI								1	
ITSECDDLG									
ITSESDDLG									
DEA				1	4	3	4	7	3
RFL									
TEL				2					
TLC				2		1		2	
D				4	2		4	2	
M									
RM									
DGLI								1	
SDSE		2						1	
AH									
AD									



TDA								1	
TDAH				1		2	4		1
ECPHE					1				3

DV: Discapacidade visual

DA: Discapacidade auditiva

DI: Discapacidade intelectual

DF: Discapacidade física

TGC: Trastorno grave de conduta

TEA: Trastorno espectro autista

ACI: Altas capacidades intelectuais

ITSECDDLG: Incorporación tardía ao sistema educativo con desfase curricular e descoñecemento da lingua galega

ITSESDDLG: Incorporación tardía ao sistema educativo sen desfase curricular con descoñecemento da lingua galega

DEA: Dificultades específicas de aprendizaxe

RFL: Retraso da fala e/ou linguaxe

TEL: Trastorno específico da linguaxe

TLC: Trastorno da linguaxe e a comunicación

D: Dislalia

M: Dificultades psicolingüísticas (mutismo)

RM: Retraso madurativo

DGLI: Descoñecemento grave da lingua de instrución

SDSE: En situación de desvantaxe socio-educativa

AH: Con atención hospitalaria

AD: Con atención domiciliaria

TDA: Con déficit de atención

TDAH: Con déficit de atención e hiperactividade

ECPHE: Especiais condicións persoais ou de historia escolar

Tras a identificación e valoración das necesidades específicas de apoio educativo do alumnado, buscarase unha resposta educativa axeitada a cada alumno/a a través do **reforzo educativo** e outras medidas que veremos no seguinte apartado.

O apoio ao alumnado con NEAE levarase a cabo, na medida do posible, dentro das aulas ordinarias; só en casos excepcionais e debidamente xustificados se fará fóra da aula.

Este curso temos dúas especialistas de Pedagogía Terapéutica e dúas de Audición e Linguaxe (todo o relacionado coa súa atención ao alumnado figura nas correspondentes programacións anexadas). Xunto con ditos especialistas, o profesorado con dispoñibilidade horaria tamén prestará apoios ao alumnado

que o precise. Tamén contamos con dous ATE (auxiliares técnicos educativos) que prestarán axuda ao alumnado que precisa especial atención polas súas características (problemas de desprazamento, control de esfínteres, etc). Só mediante unha participación activa e cooperativa por parte de tódalas persoas implicadas na dinámica do centro educativo se obterán actuacións triunfantes.

16.3. PROPOSTA DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO CONTANDO COS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO

O Plan de Atención á Diversidade ten como finalidade planificar as medidas educativas que faciliten unha resposta ás necesidades que presenta o alumnado do centro e, en especial, aquel con necesidade específica de apoio educativo, adaptándose á realidade e singularidade de cada alumno/a.

A continuación recóllense as principais medidas de atención á diversidade a desenvolver clasificadas en ordinarias e extraordinarias, os/as mestres/as responsables de cada actuación, os/as alumnos/as aos/ás que van dirixidas e a duración previsible. Estas actuacións constitúen o punto de partida, polo que poden modificarse ao longo do curso para adaptarse aos cambios que se produzan.

TIPO	MEDIDAS	RESPONSABLE	DESTINATARIOS	DURACIÓN
ORD	Reforzo educativo e apoio de profesorado de dispoñibilidade horaria	O profesorado das distintas áreas	Alumnos/as con dificultades	Segundo a evolución do alumnado
ORD	Diversificación e adecuación de instrumentos, tempos e procedementos de avaliación	Profesorado deste alumnado	ANEAE	Todo o curso
ORD	Plan específico de reforzo ou recuperación e apoio para repetidores. Plan específico de recuperación para alumnado que promocióne de curso con algunha área con cualificación negativa	Profesorado das áreas correspondentes	Alumnado repetidor con áreas non superadas	Segundo a evolución do alumnado
ORD	Aula de atención educativa e convivencia	Profesorado nas horas de convivencia	Alumnado perturbador	Todo o curso

ORD	Outras actuacións: metodoloxía, organización de espazos, diversificación de recursos, etc	Profesorado das distintas áreas	Todo o alumnado	Todo o curso
ORD	Programas de enriquecemento curricular	Titor/a e profesorado das distintas áreas	Alumnado con altas capacidades intelectuais	Todo o curso
EXT	Apoio PT	Mestres/as de PT	ANEAE	Todo o curso
EXT	Apoio AL	Mestres/as de AL	ANEAE	Todo o curso
EXT	Adaptacións curriculares	Xefe de estudos, orientadora, profesorado das distintas áreas e de apoio especializado	ANEE	Curso 2023-24

16.4. CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN QUE FIGURA NO ANEXO DO DOCUMENTO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E CALENDARIO DE REUNIÓN MENSUAIS DE SEGUIMENTO DE ALUMNADO

ACTUACIÓN	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	TEMPORALIZACIÓN
Constitución formal do DO	Orientadora	Membros do DO	Setembro
Realización da proposta de apoio de ANEAE	Orientadora	Xefatura de estudos	Setembro
Revisión e aplicación do plan de acollida	Xefe de estudos Orientadora	Alumnado e profesorado de nova incorporación	Setembro e/ou cando xurdan as incorporacións
Realización dos informes para solicitar as bolsas NEAE	Orientadora	Alumnado con NEAE	Setembro
Participación nas sesións de avaliación	DO	Equipo docente	En outubro a avaliación inicial

			Ao remate de cada trimestre
Seguimento do alumnado con NEAE	DO	Alumnado con NEAE	Semanalmente Mensualmente Trimestralmente
Establecemento de reunións do DO e elaboración das actas correspondentes	Orientadora	Membros do DO	Semanalmente o xoves na última sesión para o seguimento O último martes de cada mes (en horario non lectivo) para a coordinación
Asistencia ás reunións de claustro e CCP	DO	Claustro CCP	O último martes de cada mes e a maiores sempre que se precise
Elaboración e aprobación do PAADO	DO Orientadora	Claustro, dirección e comunidade educativa	Outubro
Elaboración da concreción do PXAD para a PXA	DO Orientadora	Claustro e dirección	Outubro
Revisión do PXAD e supervisión da súa aplicación	DO	Claustro e dirección	1º trimestre (revisión) Todo o curso (supervisión)
Xestión dos datos no drdadi	Orientadora	Consellería	1º trimestre
Revisión do PO	DO Orientadora	Claustro e dirección	1º trimestre
Revisión do Programa de preparación para a ESO	Titores/as de 6º EP Orientadora	Alumnado e familias de 6º EP	3º trimestre



Avaliación do PAADO	DO	Claustro e dirección	Maio-xuño
Avaliación do PO	DO	Claustro e dirección	Maio-xuño
Elaboración de informes do alumnado que remata EP e foi obxecto dalgunha avaliación psicopedagóxica	Orientadora	Xefatura de estudos Orientador do IES Campo S. Alberto	Xuño
Elaboración da memoria do DO	Orientadora	Claustro e dirección	Xuño
Xestión dos datos no drdorienta	Orientadora	Consellería	Xuño-xullo
Adquisición de material do DO	Orientadora	Dirección	Todo o curso
Realización de avaliacións psicopedagóxicas, ditames e informes	Orientadora	Demandantes, equipo docente, alumnado e familias	Todo o curso
Seguimento de alumnado valorado anteriormente polo DO	Orientadora	Alumnado valorado Familias Equipo docente	Todo o curso
Colaboración no desenvolvemento do plan de convivencia	Orientadora	Comunidade educativa	Todo o curso
Orientación familiar	DO	Familias	Todo o curso
Tramitación das solicitudes de intervención do EOE	Orientadora e dirección	EOE	Todo o curso
Colaboración nos programas establecidos polo EOE	DO Equipo docente	Alumnado	Todo o curso
Asesoramento á comunidade educativa	Orientadora	Comunidade educativa	Todo o curso
Asesoramento e seguimento nas adaptacións curriculares	DO	Equipo docente	Todo o curso

Asesoramento na acción titorial	Orientadora	Profesorado	Todo o curso
Asesoramento e colaboración na elaboración e revisión de documentos de centro	Orientadora	Claustro e equipo directivo	Todo o curso
Intervencións directas co alumnado (observación de aula e patio, aplicación de probas...)	Orientadora	Alumnado	Todo o curso
Colaboración con organismos oficiais externos ao centro (SAT, MISELA, servizos sociais, saúde mental...)	Orientadora	Servizos oficiais	Todo o curso
Colaboración con profesionais externos que atenden a alumnado con NEAE do centro (logopedas, psicólogos, asociacións...)	Orientadora	Profesionais externos ao centro	Todo o curso

Levarase a cabo unha reunión mensual do Departamento de Orientación fóra do horario lectivo (o último martes de cada mes) da cal a xefa do departamento levantará acta. Ese mesmo día tamén se reunirá a Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Ademais, levarase a cabo unha reunión semanal na que o xefe de estudos, as mestras de PT, as mestras de AL e a orientadora levarán a cabo o seguimento do alumnado (os xoves de 13:40 a 14:30 horas).

Semanalmente tamén se reunirá a xefa do departamento coa educadora familiar do Concello.

Serán de utilidade as reunións mensuais (e sempre que sexa precisa) cos coidadores/as para tratar aspectos relacionados coas súas funcións en relación co alumnado atendido.

De maneira trimestral, levaremos a cabo xuntanzas co IES "Campo de San Alberto".

En canto ás familias, faranse as reunións necesarias e sempre que sexan demandadas (podendo ser a comunicación con elas mediante distintas canles).

Ao remate do curso, de acordo cos datos do proceso de seguimento e avaliación, o DO elaborará a memoria do Plan Xeral de Atención á Diversidade e establecerá, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora.

Só desta maneira podemos coñecer si acadamos os obxectivos propostos para unha correcta atención á diversidade:

▪ **Referidos ao alumnado:**

- Facilitar a integración dos alumnos/as no seu grupo-clase e na dinámica escolar.
- Coñecer as aptitudes, intereses dos alumnos/as para unha eficaz orientación.
- Contribuír ao desenvolvemento da madurez persoal dos alumnos/as.
- Identificar as dificultades e potencialidades dos alumnos/as con NEAE.
- Potenciar nos alumnos/as actitudes de aceptación, tolerancia e diálogo.
- Orientar aos alumnos/as sobre unha adecuada utilización do ocio e tempo libre.
- Favorecer no alumnado o coñecemento, aceptación de si mesmo, a súa autoestima e tamén a mellora de habilidades sociais.

▪ **Referidos ao centro:**

- Asesorar ao equipo docente en todas aquelas cuestións que posibiliten unha atención educativa personalizada e integral.
- Promover actuacións de carácter preventivo que melloren a convivencia no centro.
- Asegurar a orientación educativa a tódolos alumnos/as dende o punto de vista persoal, escolar e social.
- Promover a cooperación entre o centro e as familias.

▪ **Referidos ao profesorado:**

- Proporcionar asesoramento pedagóxico aos docentes na atención á diversidade.
- Apoiar a actuación do profesorado.
- Implicar ao profesorado nas tarefas de acción tutorial e orientación educativa.
- Facilitar ao profesorado, recursos e posibilidades para a formación en temas de orientación, tutoría e atención á diversidade.
- Colaborar no seguimento global dos procesos de aprendizaxe dos alumnos/as.
- Colaborar na detección de problemas educativos, de desenvolvemento persoal e/ou aprendizaxe.
- Establecer pautas xerais de actuación para levar a cabo medidas de RE e AC.

- Colaborar co profesorado na adquisición de hábitos de estudo, técnicas de traballo intelectual, habilidades e estratexias de aprendizaxe nos alumnos/as.
- **Referidos ás familias:**
 - Establecer contactos periódicos de forma individual ou colectiva (cando proceda).
 - Axudar á familia a comprender e potenciar as aptitudes dos seus fillos/as para dar resposta ás necesidades que presenten.
 - Solicitar a participación dos pais/nais nas diversas actividades que se realicen no centro sempre que proceda.
- **Referidos á colaboración con servizos e institucións externas ao centro:**
 - Favorecer a coordinación cos servizos e institucións da comunidade que incidan na función orientadora do centro.
 - Establecer canles de comunicación e colaboración cos Centros da zona.
 - Coordinarse co EOE.
 - Establecer canles de colaboración cos Servizos Sociais e de Saúde da zona.
- **Referidos á inclusión e á diversidade :**
 - Elaborar e poñer en práctica programas destinados á prevención de dificultades de aprendizaxe.
 - Axustar as propostas de apoio educativo á realidade de cada alumno ou alumna.
 - Asesorar aos equipos docentes nos procesos de axuste e desenvolvemento das programacións didácticas ante o alumnado con neae.
 - Elaboración dunha memoria final.
- **Referidos á acción tutorial:**
 - Colaborar co profesorado tutor no desenvolvemento das medidas contempladas no plan de acción tutorial (PAT).
 - Colaborar cos diferentes equipos docentes no deseño e elaboración de protocolos para a realización de avaliación inicial do alumnado.
- **Referidos á convivencia e á educación en valores:**
 - Diseñar e poñer en práctica programas destinados á promoción da convivencia e á resolución pacífica dos conflitos.

- Colaborar coa comunidade educativa na aplicación das normas de organización e funcionamento do centro.
- **Referidos ao plan de orientación, á concreción anual e á memoria de cada curso:**
 - Manter actualizado o plan de orientación.
 - Realizar a memoria final do curso.
- **Referidos aos procesos de avaliación e calidade:**
 - Colaborar nos diferentes procesos de avaliación do centro.
 - Colaborar coa comunidade educativa nos proxectos de mellora e calidade do sistema educativo.
- **Referidos ao drdoriente e drdadi:**
 - Cubrir os datos nos períodos indicados.

16.5. PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

1.- INTRODUCCIÓN.-

É necesario facer unha **Programación de Actividades e Tarefas (PAT)** e polo tanto unha **Programación de Aula de Pedagogía Terapéutica (PT) e Audición e Linguaxe (AL)** que reflicta os parámetros a seguir cos nenos e coas nenas do CEIP Plurilingüe Alexandre Rodríguez Cadarso lonxe de improvisacións e atendendo ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ANEAE) do centro.

Como especialistas en PT e AL, é necesario adaptarse a cada neno ou nena, en función desa necesidade específica de apoio educativo (NEAE) á que se vai dar resposta.

Este traballo, está programado en canto a: obxectivos, contidos, metodoloxía, avaliación, competencias básicas, temporalización, espacialización, recursos -humanos, materiais e organizativos-, actividades tipo e características do alumnado. Esta **PAT** está centrada no alumnado do CEIP Plurilingüe Alexandre Rodríguez Cadarso de xeito que se adapte exactamente ós nenos e ás nenas que van recibir intervencións educativas por parte das mestras especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. Atendendo a todo o alumnado que necesite tal apoio ou que o poida precisar ao longo deste curso académico 2023-2024 de todas as etapas educativas que se ofertan no centro: Educación Infantil (EI) e Educación Primaria (EP).

Destacar que o traballo se desenvolverá sempre en estreita colaboración coa xefa do Departamento de Orientación, coas titoras e titores, co resto do profesorado e co Persoal Auxiliar Coidador que está presente no centro.

2.- OBXECTIVOS E CONTIDOS.-

Como OBXECTIVOS básicos e accións prioritarias, establécense os seguintes, para todo o curso académico:

- Adaptar os obxectivos, os contidos, a metodoloxía, os recursos humanos, os materiais e os criterios de avaliación ao ritmo e estilo de aprendizaxe de cada neno ou nena.
- Favorecer o pleno desenvolvemento social e persoal e a completa integración social do alumno/-a.
- Atender e orientar ás familias, co fin de reforzar as aprendizaxes a todos os niveis, con programas completos de traballo continuado, que beneficien o proceso de ensinanza-aprendizaxe do neno/-a.
- Atender e orientar aos titores, e a todo o profesorado do centro, así como ó persoal non docente, que participan en todo o proceso educativo do neno/-a, co fin de que melloren e enriquezan o traballo diario.
- Fomentar o traballo coordinado e cooperativo cos mestres e mestras implicados na educación do neno ou nena.
- Elaborar recursos materiais tanto para a aula de AL, como para os mestres e as mestras que soliciten tal axuda.
- Elaborar pautas, tanto para as familias, como para o profesorado e persoal non docente que participan con estes nenos e nenas.
- Velar polos ambientes agradables, garantindo unha aprendizaxe significativa e gratificante para o neno ou nena.
- Corrixir ou mellorar no posible, a competencia en comunicación lingüística dos nenos e nenas que se atopen ou poidan atoparse con dificultades neste ámbito.
- Atender individualmente a cada alumno/a en función da necesidade específica de apoio educativo (NEAE) á que se vai dar resposta.
- Apoiar na aula ordinaria ó alumnado con NEAE, co fin de favorecer a súa inclusión.

Os CONTIDOS xerais que se traballarán de cheo ao longo deste curso escolar son os seguintes:

- Desenvolvemento persoal e social.
- Inclusión e normalización do alumnado con NEAE.
- Posibilidades do alumno ou alumna.
- Transición á vida adulta.
- Inclusión das familias no proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Inclusión de todo o profesorado e do persoal non docente.
- Aproveitamento dos recursos externos ao centro: Institucións, asociacións,

médicos, psicólogos, ... que amporen e favorezan o traballo.

- Adquisición de todo tipo de coñecementos: lingüísticos, comunicativos, sociais, cognitivos, emocionais, ...

Nestes contidos vanse integrar as competencias clave -citadas a continuación- e tamén os elementos transversais, como o pensamento crítico, a xestión da diversidade, a creatividade ou a capacidade de comunicar, e actitudes clave como a confianza individual, o entusiasmo, a constancia e a aceptación do cambio, tal e como sinala a LOMLOE.

3.- ACTIVIDADES DE DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.-

As competencias clave implican a todo o profesorado e a todas as materias, considerándoas como algo fundamental na educación do alumnado xa que forman parte integrante do currículo. É por iso que se vai atender, de cheo, ás competencias clave co alumnado de PT e AL fomentando cada unha delas, integrándoas nos contidos e nos obxectivos e plasmándose nas actividades que se van desenvolver, de xeito que todo o alumnado as adquira, pero primando sempre o criterio sanitario fronte ao pedagógico debido á situación sanitaria que estamos atravesando neste momento.

Como xa se vén dicindo, son moi importantes para todo o alumnado, especialmente para aquel que recibe atención individualizada por parte das mestras de PT e AL, por presentar algún tipo de necesidade específica de apoio educativo (NEAE), polo tanto teñen o deber de coñecer as competencias clave, para que estean máis preparados á hora de desenvolverse na súa vida escolar e sociofamiliar e buscando o fomento dun crecemento futuro pleno.

En canto ás actividades tipo que se van facer para esta adquisición van estar:

- Uso da biblioteca escolar de centro e das bibliotecas de aulas.
- Uso dos ordenadores: para xogos, exercicios, escoitas, etc.
- Participación nos festivais que se celebren no centro (Nadal, Entroido, Letras Galegas, etc.) e nas diversas actividades que se organicen dende os diferentes equipos (Dinamización da Lingua Galega (EDLG), Actividades Extraescolares e Complementarias, etc.)
- Cumprir as normas e regras do centro : na aula, nos espacios de lecer, etc.
- Facer o uso dos espazos da escola: pavillón, aula de música, aula de informática, biblioteca, patios, etc.

4.- TEMPORALIZACIÓN E ESPACIALIZACIÓN.-

A temporalización xeral que se establece para a PAT é para todo o curso escolar.

As sesións de cada neno ou nena estableceranse en función da resposta que se lle proporcionará; polo xeral, para Pedagogía Terapéutica, a duración acostuma ser a dunha sesión completa (50/55 minutos) e para Audición e Linguaxe de 25/30 minutos, salvo casos

específicos nos que a tipoloxía e a persistencia da NEAE, faga que se precise máis tempo de intervención, prolongando as sesión a uns 50/55 minutos, como é o caso do alumnado presente no centro ao que se lle vai prestar atención educativa especializada.

Trala avaliación inicial, individualizada realizada a cada alumno estableceranse as sesións de PT e AL que precisen e organizarse o horario en colaboración co Departamento de Orientación, as titoras e titores, e todo o profesorado implicado.

Esta temporalización é revisable periodicamente, de xeito que se adapte exactamente a ese caso concreto ó que se vai dar resposta. Podendo ampliála, reduci-la e incluso suprimi-la, en función dese caso concreto.

En canto á espacialización, a atención educativa especializada vaise levar a cabo fundamentalmente no contexto ordinario, coma na aula de PT ou AL, cando a necesidade así o requira. Tamén se usarán as zonas comúns do centro: biblioteca de centro, pavillón, aula de música, patios exteriores ou patio interior de infantil, aula de informática, etc. cando as actividades que se vaian levar a cabo así o requiran.

5.- METODOLOXÍA.-

Partindo da base de que cada neno/-a é único e diferente, teremos que buscar a estratexia metodolóxica máis axeitada a cada caso e a cada momento concreto. Aínda así, partiremos dunha metodoloxía xeral para todo o alumnado con NEAE.:

- Manter unha comunicación satisfactoria: despertando o interese por ter algo que comunicar e a quen comunicar.
- Adecuar a nosa linguaxe ao seu nivel de comprensión.
- Fomentar a estimulación multisensorial.
- Falarlles con claridade, amodo (ritmo), sen berrar (ton) e articulando ben, evitando uso de muletillas, sarcasmos, ironías, etc..
- Pasar progresivamente do fácil ó difícil, do concreto ó abstracto repetindo moitas veces o fácil e o concreto sen caer no aburrimiento e nas rutinas.
- Rematar as sesións cunha tarefa sinxela que recompense o benestar propio do neno/-a.
- O xogo, a espontaneidade, levarán ás palabras: a conversar.
- Coidar moito que se sexa sorrintes, afectivos, cariñosos e tranquilos co neno/a, dando un ambiente de confianza nun espazo de traballo agradable.
